



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS CORENTA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, Natividad Balea Torres, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia o Concelleiro D. Angel Moldes Martínez e a Interventora Acumulada Sonia David Cortegoso Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula E. Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4317.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE NOVEMBRO DE 2016, NÚMERO 539.- De conformidade co establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta da acta da sesión anterior realizada o 29 de novembro de 2016 número 539 e ao non formularse alegación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4318- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4309.- PROPOSTA DE APROBACIÓN MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento correspondente; 4310.- MOCIÓN 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Centro de Benestar Social do Concello, Secretaria Xeral de Igualdade, Unidade contra a Violencia sobre a Muller e ao Ministerio de Igualdade; 4311.- MOCIÓN DO BNG DE OPOSICIÓN AO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE LOUSAME.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; 4312.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA A-9.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia, á Presidencia do Goberno e á Presidencia do Congreso dos Deputados; 4313.- DAR CONTA DA OBRIGA

DE INFORMACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA:3º TRIMESTRE 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención do Concello; 4314.- PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN Á PROBLEMÁTICA NOS ACCESOS AO CEIP DE CHANCELAS A TRAVÉS DA PO-308.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia da Xunta de Galicia, á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e á ANPA o Xunqueiro de Chancelas; 4315.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE POIOSOBRE O DRAGADODA RÍA DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Portos de Galicia; 4316.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO Á DRAGAXE DO FONDO DE CAMPELO E A SÚA CONTORNA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Portos de Galicia.”.

A Corporación dáse por enterada.

4319.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- De conformidade co establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía desde o último Pleno Ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4320.- DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 14561 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 05/12/2016, SOBRE DESAFECTACIÓN TERREOS COSTA XIRÁLDEZ E CESIÓN GRATUÍTA.- Dáse conta do acordo número 14561 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 5 de decembro de 2016 en relación ao expediente de Desafectación de terreos Costa Xiráldez e cesión gratuita na que se realizaron os seguintes pronunciamentos: “**Primeiro:** Solicitar ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a desafectación dos terreos de dominio público marítimo terrestre segundo Plano de situación referencia 697-S-82 de data xuño de 2016 dunha superficie de 22.169 m².

Segundo: Tomar coñecemento da situación xurídica da finca da non inscrición no Rexistro da Propiedade aos efectos do establecido no apartado 2 do artigo 136 da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas.

Terceiro: Asumir a asunción do compromiso de manter os terreos obxecto da presente desafectación como uso e servizo público.

Cuarto: Comprometerse á inscrición da cesión dos terreos no Rexistro da Propiedade de conformidade co disposto no artigo 151.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas sempre que a cesión se realice en propiedade e non soamente en uso.”

Con data 19 de decembro de 2016 douse conta dos acordos adoptados na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

Non suscitándose debate ningún e de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou ratificar o acordo número 14561 adoptado por razón de urxencia na sesión da Xunta de Goberno Local do 05 de decembro de 2016 e que se remita ao Servizo Provincial de Costas.

4321.- CORRECCIÓN DE ERRO DA CONVIVENCIA DO LOGOTIPO DA CONCELLARÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ E MOBILIDADE CO DE PROTECCIÓN CIVIL DE POIO DO MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA, APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2016.- Dáse conta do expediente tramitado á proposta de data 14 de decembro de 2016 da Concelleira de Cultura e Festexos e do Concelleiro de Facenda e Patrimonio que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de decembro de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, do “Manual de Identidade Corporativa do Concello de Poio” e do escrito de data 14 de decembro de 2016, presentado polos Concelleiros de Cultura e Festexos, Dna. Lidia Salgueiro Piñeiro e o Concelleiros de Facenda e Patrimonio, D. Xulio Barreiro Lubián, sobre rectificación de erro no dato correspondente a imaxe resultante da convivencia da marca concellería de Seguridade Cidadá e Mobilidade coa Agrupación de Protección Civil de Poio.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a corrección de dito erro no “Manual de Identidade Corporativa do Concello de Poio” aprobado polo Pleno desta Corporación do día 24 de novembro de 2016.”.

Neste momento entra no Salón de Sesiós o Concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por quince votos a favor (6 BNG, 7 PP e 3 PSOE), ningún voto en contra e 1 abstención da Concelleira Non Adscrita aprobou do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que se sigan os trámites sucesivos do expediente.

4322.- DAR CONTA DA ELECCIÓN PREMIOS ACTO CONMEMORATIVO DO DEPORTE LOCAL (CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO 14 DE DECEMBRO DE 2016).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Consello Municipal Deportes na súa sesión realizada o 14 de decembro de 2016 en relación ao outorgamento dos Premios Dorna do Deporte co motivo do primerio acto conmemorativo do deporte local no que se realizan as seguintes propostas: “outorgar os premios Dorna do Deporte deste primeiro acto conmemorativo do deporte local ás seguintes propostas:

1. Equipo de Adestradoras do Club Saraiba.
2. Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Poio.

Para finalizar, a presidente sinala que os premios serán doados pola Escola de Canteiros e explica de maneira breve o desenvolvemento do acto que terá lugar o próximo 20 de xaneiro no Centro Cultural Saime Illa de Raxó.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada e presta a súa conformidade.

MOCIÓNS URXENTES.- Presentanse as seguintes:

4323.- INTERVENCIÓN, AUTORIZACIÓN PARA A IMPUTACIÓN DO CRÉDITO RESULTANTE DA BAIXA DA OBRA “URBANIZACIÓN CONXUNTO RUADA. COMBARRO. POIO” PARA A APROBACIÓN DE FACTURA “IMPERMEABILIZACIÓN DO ESPAZO AFECTADO POLA OBRA DE URBANIZACIÓN CONXUNTO RUADA. COMBARRO. POIO”.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionameno e réxime xurídico das entidades locais previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o

seu número legal de membros dáse conta do expediente tramitado pola Intervención Municipal en relación á factura de data 16 de novembro de 2016, número 036/16 emitida pola Empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales, SL por importe de 9.238,42 € correspondente á obra de “Impermeabilización do espazo afectado pola obra de urbanización Conxunto Ruada. Poio”.

Consta no expediente informe emitido pola Intervención Municipal de data 22 de decembro de 2016 no que remata realizando as seguintes “conclusiones: De conformidade co exposto, a funcionaria abaixo asinante fiscaliza de disconformidade interpondo reparo suspensivo a aprobación da factura 036/16 de data 16/11/2016 expedida pola empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales, SL correspondente á obra de “Impermeabilización do espazo afectado pola obra de Urbanización Conxunto Ruada. Combarro. Poio” polo importe de 9.238,42 €”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros toma coñecemento do contido do informe da Intervención Municipal adoptando o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar e autorizar a imputación do crédito resultante da baixa da adxudicación da obra “ Urbanización Conxunto Ruada. Poio” declarada investimento financeiramente sostible para a aprobación da factura número 036/16 do 16/11/2016 por importe de 9.238,42 e emitida por Actividades de Construcción, Edificación y Viales, SL en concepto de “Impermeabilización do espazo afectado pola obra de Urbanización Conxunto Ruada. Combarro Poio” .

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4324.- SECRETARÍA INFORME E PROPOSTA DE DESLINDE DO INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE 15/11/2016: ALEGACIONES.- Ao abeiro do establecido no artigo 91.4º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o alcalde eleva á consideración dos concelleiros/as a necesidade de adoptar acordo formulando alegacións, no seu caso, á proposta de informe do Instituto Geográfico Nacional (IGN) emitido ao abeiro do artigo 44 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia con motivo da tramitación do expediente de deslindamento dos termos municipais de Barro, Meis, Poio e Pontevedra, tendo en conta que o prazo marcado no artigo 78 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, remataría o 28 de decembro de 2016 (oficio da dirección xeral de Administración Local, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 1 de decembro de 2016, número rexistro de entrada 6164, de 5 de decembro de 2016

Sometido a votación ordinaria e polo voto favorable dos dezaseis membros corporativos presentes apróbase a urxencia da proposta.

A continuación toma a palabra o Alcalde quen da conta aos/ás asistentes do devandito traslado pola administración autonómica do informe preceptivo emitido polo IGN que pese a dar conformidade en gran medida á proposta elevada polo Concello de Poio, apártase en determinados puntos na interpretación realizada a partir das actas de 1889 por ser as máis antigas, fundamentalmente no que se refire aos puntos 1 ao 4 tal e como reflicte o informe emitido polo enxeñeiro técnico forestal, colexiado 702, D. Javier Cuenca Duyos de 13 de decembro de 2016. Obrán así mesmo no expediente informe asinado polo asesor

xurídico e pola secretaria accidental do concello, ambos de 22 de decembro de 2016 e escrito de alegacións da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán de Poio de 21 de decembro de 2016, número rexistro de entrada 6440 de 22 de decembro de 2016.

Ditos informes foron sometidos ao xuízo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada con data 26 de decembro de 2016 adoptándose o acordo núm. 14616: "...14616.-SECRETARÍA INFORME E PROPOSTA DE DESLINDE DO INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL DE 15/11/2016: ALEGACIONES.-Dáse conta do expediente tramitado e do escrito recibido o cinco de decembro de 2016, número de Rexistro de Entrada 6164, remitido pola Dirección Xeral da Administración Local polo que se dá traslado do informe preceptivo de 15 de novembro de 2016 emitido polo "Instituto Geográfico Nacional" en relación ao deslindamento dos termos municipais de Pontevedra e Poio e se concede un prazo de audiencia de 15 días.

Incorpórase ao expediente informe de 13 de decembro de 2016 emitido polo enxeñeiro técnico forestal D. Javier Cuenca Duyos no que se di o seguinte: "INFORME SOBRE O INFORME E PROPOSTA DE DESLINDE DO INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE DATA 15 DE NOVIEMBRE 2016.

Con data 5 de decembro de 2016, ten entrada no rexistro do concello (nº de rexistro 6164) oficio da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, dando traslado do informe e proposta do Instituto geográfico nacional de data 15 de novembro de 2016.

Proposta do IGN.

No Informe do IGN se analizan as actas de deslinde de Pontevedra, Poio, Meis, e Barro.

Na Proposta de Meis respecto das actas de deslinde de 1889 se deduce que Meis é límite con Pontevedra, aínda que non precisa polo lugar onde discurre o límite.

Na proposta do Concello de Barro en referencia as actas de deslinde de 1938-39 se recoñece o marco de catro términos (Pontevedra, Poio, Meis E Barro ubicando dito punto nas antenas de Taelpo.

O IGN no seu informe indica que a súa proposta se fundamenta nas actas de 1889 indica que as actas máis antigas son as que se deben considerar en primeiro lugar, por tal motivo e por ser as que defenden as comisións de Poio e Pontevedra, son estas actas de deslinde as que se toman en conta para a súa proposta, facendo as seguintes aclaracións:

- A ubicación dos marcos nas actas de 1889 teñen un grado moi elevado de imprecisión debido a que non se especifica na maior parte dos casos a forma e dimensión dos marcos, e a imprecisión debida a que as distancias e rumbos aproximados descritos nestas actas.

Debido a isto, e a inexactitud da interpretación das actas de 1889, o IGN clasifica os marcos do seguinte modo.

Marcos da acta de 1889 que sitúa fisicamente sobre o terreo: 19, 24 e 22-1.

Marcos da acta de 1889 que non é posible situar sobre o terreo e para a súa ubicación se apoian no deslinde de 1938: 11,12,13,14,16,17,18,19,25,26,27.

Marcos da acta de 1889 que non é posible ubicar, adoptando neste caso a xeometría proposta polas parte implicadas.

Informe:

Realizado o estudo pormenorizado do informe do IGN, o técnico que suscribe informa do seguinte:

Zona Baixa do Deslinde (desde a Tomba ata a Pedra Pinela) Puntos 19 a 28, a

proposta do IGN e a proposta de Poio s3n pr3cticamente coincidentes, salvo pequenas correcci3ns de metros realizadas polos t3cnicos do IGN en base a documentaci3n da que dispo3nen, nos puntos 27 e 28 nos que o instituto georreferencia sobre as fotograf3as do vuelo americano do 1956 o cami3o da Xunqueira e a finca do Sr Rivas.

A pedra Pinela queda documentada en base ao plano da carretera entre a ponte do Burgo e a ponte da Barca datado en 1896, e documentado polo IGN nunha fotograf3a baixo a ponte das Correntes.

Zona Media do Deslinde (desde o punto 4 ao punto 19).

Desde o punto 4 ata o punto 10 a proposta do IGN 3 coincidente coa proposta de Poio.

Do punto 10 ao 15 difiren apenas uns metros debido principalmente a que o Concello de Poio optou por unha li3a recta ao considerar que os marcos existentes no lugar estaban tirados en non se conseguiron ubicar como marcos do deslinde de 1889, por contra o IGN considera a ubicaci3n de eses marcos, o cal aos efectos pr3cticos non existe apenas diferenciaci3n nas propostas.

Do punto 15 ao 19 o IGN difire da proposta de Poio ax3ndose a li3a da proposta de Pontevedra. Respecto da proposta defendida por Poio entre os puntos 15 a 17 se perde un pouco de superficie de monte, que practicamente se ga3a entre os puntos 17 a 19 compensandose pr3cticamente as superficies resultantes.

Zona Alta do Deslinde (desde o punto 1 ao punto 4). Esta 3 a zona de maior discrepancia entre a proposta do IGN e a presentada polo Concello de Poio.

Ainda que as propostas do IGN, Pontevedra e Poio coinden na ubicaci3n dos puntos 1 e 4, existe unha diferenciaci3n notable respecto da ubicaci3n dos puntos 2 e 3.

Partimos do Punto 1 onde coinciden todas as propostas (IGN, Poio e Pontevedra), tal e como se razona no informe do IGN en base as actas de deslinde de 1889, neste punto confl3enos t3rminos municipais de Meis, Pontevedra e Poio.

Tal e como se recolle no principio da acta de de deslinde de 1889 “*Con las iniciales P en la parte fronteriza en Pontevedra y P.G. Eb las que dice Poio se di3o comienzo en la linea divisoria de Meis con Pontevedra con direcci3n Este...*” motivo para ter en conta que o Concello de Pontevedra chega ata este punto e linda co de Meis, e polo tanto non est3 a continuaci3n do de Barro tal e como co3ecemos hoxe debido ao deslinde de 1938-39.

Neste punto o informe do IGN describe as actas de deslinde entre os concellos.

“*Acta Pontevedra Meis: o punto 1 3 com3n para os concellos de Pontevedra, Poio e Meis.*”

O IGN ao non poder ubicar e localizar os marcos 2 e 3, opta por unir o **punto 1 e o 4 con unha li3a recta**, e argumenta que non debe diferir moito da xeometr3a descrita nas actas de 1889.

Se ben 3 certo que non 3 posible ubicar e localizar os puntos 2 e 3, e que o propio instituto reconece no seu informe que as distancias e os rumbos descritos nas actas de 1889, presentan unha “*precisi3n dispar e rumbos aproximados*”, ce3ndonos exclusivamente ao contido da acta de 1889 para estes puntos, temos:

desde o primeiro punto “*En este punto direccionandonos al Este con a linea divisoria de ambos ayuntamientos se orden3 en la misma forma colocar el **segundo moj3n** que dista del anterior 563 m. En este punto siguiendo la misma direcci3n forma la divisoria un 3ngulo mayor de 160 3 entrante en el monte de Campa3o y a los 125 m. se orden3 colocar el **tercer moj3n** que tuvo lugar en el Outeiro de Aeiro, Desde este punto y en direcci3n Sur-Este sigue la divisoria en linea recta al alto del monte de Ouriceira donde se coloc3 el cuarto moj3n....”*

A vista do contido da acta podemos deducir que desde **marco 1** a unha distancia de

563 metros en dirección **Este** se coloca o **punto 2** despois a divisoria entra no monte de Campañó onde se coloca o **marco 3**, e baixa en dirección Sur-Este ata o punto 4, motivo polo que, se ben é certo que coa información da acta de 1889 non se poden ubicar estes puntos sobre o terreo, na acta **non se describe unha liña recta entre os puntos 1 e 4 senon que hai un cambio de rumbo (Este – 160° cara Campañó, e Sur-Este).**

Da mesma forma que o IGN comenta no seu informe para o punto 7 que a intervisibilidade entre marcos consecutivos era unha premisa recollida no artigo 3º do Real Decreto de 30 de agosto de 1889 en base ao cal se levantaron as actas de deslinde, e por ese motivo se ubicaban os marcos nas zonas máis altas, é probable atendendo a topografía do lugar, que o marco 2 se ubicase no entorno do Alto do Castrove onde actualmente se sitúan os repetidores de Taelpo, tal e como se defende na proposta do Concello de Poio.[...]”.

Obra no expediente informe emitido o 22 de decembro de 2016 polo asesor xurídico vinculado ao Concello mediante contrato administrativo de servizos e no que se di o seguinte:

“[...] Visto el expediente de urbanismo nº del informe preceptivo del Instituto Geográfico Nacional, relativo al expediente de deslinde entre los términos municipales de Pontevedra y Poio, y según lo dispuesto en la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia, y en el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, tengo a bien informar lo siguiente:

PRIMERO.- Por oficio de la Directora Xeral de Administración Local, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de fecha 1 de diciembre de 2016, registro de entrada en el Concello de Poio número 6.164, de fecha 5 de diciembre de 2016, se comunicó al Concello de Poio copia del informe preceptivo del IGN, a fin de que en el plazo de 15 días pueda el Concello de Poio realizar las alegaciones que considere oportunas.

SEGUNDO.- La línea límite que propone el IGN ha de fundamentarse en las actas del 19 de noviembre al 7 de diciembre de 1889, (según se concreta en la página 17 del informe), dado que son más antiguas que el reconocimiento que hizo el Instituto Geográfico y Catastral en 1938, alterando parcialmente el acuerdo preexistente. Además, ambos ayuntamientos coinciden en fundamentarse en estas actas para elaborar sus propuestas, a excepción de la propuesta de Pontevedra en la zona de la Junquera de Alba (mojones 25 al 28 del acta de 1889), en la que, aduciendo la imposibilidad de conocer el lugar en el que, se encuentra la Piedra Pinela propone la línea correspondiente al acta de 1838.

Esta asesoría entiende que, a la vista de las pruebas presentadas y fotografías aportadas y que obran en el expediente de deslinde, es indudable, que la Piedra Pinela se encontraba, en el momento de deslinde en el año 1889, y en el momento actual en la desembocadura del río Alba y ocupada en parte por el antiguo puente de las Corrientes, por lo que, la alegación del Concello de Pontevedra, negando un hecho incontrovertible y que consta debidamente acreditado en el expediente, debe ser rechazada, tal como hace la propuesta del IGN, que termina dando la razón al Concello de Poio y colocando el mojón 28 en la milenaria Pedra Pinela.

TERCERO.- Igualmente, considera esta asesoría que el Concello de Poio debe oponerse a la nueva línea de deslinde que propone el IGN, en lo referente a los mojones 2, 3, 6, 7, 20, 21, 23, respecto a la línea de obligado cumplimiento del año 1889, que es **la línea de deslinde que propuso el Concello de Poio entre los dos ayuntamientos de Pontevedra y Poio.**

Y ello debe ser así, porque no es admisible, por un lado que el IGN fundamente su propuesta de variar la línea de 1889, porque dice que no se han encontrado los mojones

colocados en dicho año y, por otra parte, también debe ser denegada porque el acta de deslinde de 1889, en los puntos a que nos referimos, siempre indica el acta unos ángulos de variación de la misma, cuyos ángulos hay que respetar, no pudiendo sustituirse por una decisión salomónica de trazar líneas rectas, que contradicen frontalmente el deslinde de 1889, por lo que, también en estos puntos el Concello de Poio, debe seguir manteniendo las propuestas de deslinde presentadas y acordadas por el pleno del Concello.

Por todo ello,

INFORMO que, sin perjuicio de los informes que emitan los técnicos municipales, esta asesoría propone al pleno del Concello, y por razón de urgencia a la Xunta de Gobierno Local, o a la Alcaldía, que presente la alegación correspondiente, oponiéndose a la línea de deslinde y mojones que no coincidan con las propuestas del Concello de Poio, y que la resolución que se dicte aprobando la línea de deslinde de los términos municipales, se ajuste a la propuesta por el Concello de Poio, desestimándose las que propone el Concello de Pontevedra. [...]”.

Incorpórase igualmente informe emitido o 22 de decembro de 2016 pola secretaria accidental do Concello no que se di o seguinte:

“[...] Consuelo de la Peña Costoya, funcionaria de Administración Local,técnica Administración xeneral grupo A,secretaria actual con respecto o informe -proposta do Instituto Geográfico Nacional de data 15 de novembro de 2016, relativo ao expediente de deslinde entre os términos municipais de Pontevedra e Poio,remitado pola Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza para realizar as alegacións que se consideren oportunas

INFORMO

1.-ANTECEDENTES

Non se reproducen por constar no acordo nº 3709 do Pleno de data 31 de xuño do 2012 “Adopción dos Acordos que Procedan en relación ao Deslinde dos termos Municipais de Poio-Pontevedra, en execución de Sentenza”

2.-INFORMES EMITIDOS

2.1.- Informe do Enxeñeiro Técnico Forestal Col. 702 Javier Cuenca Duyos de data 13 de Decembro de 2016. (transcrito) que en resumen indica:

.- Que o IGN analiza as actas de deslinde de Pontevedra, Poio, Meis, e Barro. Que o IGN di que a súa proposta se fundamenta nas actas de 1889 por ser as mais antigas e defendidas polos concellos de Poio e Pontevedra, facendo unha serie de aclaracións referentes ao grado de inexactitude na ubicación dos marcos nas actas de 1889, debida a que as distancias e rumbos son aproximados polo que fai unha clasificación dos marcos

.-Analizada a proposta do IGN se informa que: Na Zona Baixa do Deslinde (dende a Tomba ata a Pedra Pinela) Puntos 19 a 28, a proposta do IGN e a proposta de Poio son practicamente coincidentes, salvo pequenas correccións de metros .Na Zona Media do Deslinde (desde o punto 4 ao punto 19) son tamén practicamente coincidentes perdendo en algún sitio superficie, que practicamente se compensa en outros. **Zona Alta do Deslinde (desde o punto 1 ao punto 4)** esta é a zona de maior discrepancia entre a proposta do IGN e a presentada polo Concello de Poio, as propostas do IGN, Pontevedra e Poio coinciden na ubicación dos puntos 1 e 4, pero existe unha diferenza notable respecto da ubicación dos puntos 2 e 3. O IGN (ao non poder ubicar e localizar os marcos 2 e 3 , **opta por unir o punto 1 e o 4 con unha liña recta**, ademais argumenta que esta linea non debe diferir moito da xeometría descrita nas actas de 1889.

Contra esta linea divisoria o informe técnico argumenta que se ben é certo que non é posible ubicar e localizar os puntos 2 e 3, o propio instituto recoñece no seu informe que as

distancias e os rumbos descritos nas actas de 1889, presentan unha “*precisión dispar e rumbos aproximados*”, E que na acta non se describe unha liña recta entre os puntos 1 e 4 senón que hai un cambio de rumbo (Este – 160° cara Campañó, e Sur-Este). Así mesmo da mesma forma que o IGN comenta no seu informe para o punto 7 que a intervisibilidade entre marcos consecutivos era unha premisa recollida no artigo 3º do Real Decreto de 30 de agosto de 1889 en base ao cal se levantaron as actas de deslinde, e por ese motivo se ubicaban os marcos nas zonas máis altas, é probable atendendo a topografía do lugar, que o marco 2 se ubicase no entorno do Alto do Castrove onde actualmente se sitúan os repetidores de Taelpo, tal e como se defende na proposta do Concello de Poio.

2.2. Informe do Asesor xurídico Angel Sutil Garcia de data 22 de decembro de 2016(transcrito) que en resumen indica: La línea límite que propone el IGN ha de fundamentarse en las actas del 19 de noviembre al 7 de diciembre de 1889, dado que son las más antiguas y así lo reconoce el IGN que termina dando la razón al Concello de Poio y colocando el mojón 28 en la milenaria Pedra Pinela. Que el Concello de Poio debe oponerse a la nueva línea de deslinde que propone el IGN, en lo referente a los mojones 2, 3, 6, 7, 20, 21, 23, respecto a la línea de obligado cumplimiento del año 1889, que es la línea de deslinde que propuso el Concello de Poio entre los dos ayuntamientos de Pontevedra y Poio. No siendo admisible fundamentarlo en que no se han encontrado los mojones colocados en dicho año y sustituirse por una decisión salomónica de trazar líneas rectas, sobre todo cuando el acta de deslinde de 1889 indica ángulos de variación

3.-OUTRAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

Con data 22-12-16 n ºde entrada no rexistro municipal 6.440 a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán de Poio representante o presidente Jose Rodríguez Couselo presenta escrito de alegacións. Considerando a condición de interesado da CMVMC de San Xoán de Poio no expediente de deslinde ,por resultar titular de terreos afectados polo informe proposta do ING procede incorporar o seu escrito de alegacións que en resumen indica: Que os lindeiros entre comunidades veciñais en man común se levaban por marcas naturais,pedras significativas,regueiros, elevacións ou cotos polo o que o lindeiro mais axustado e o que propón o Concello de Poio. Que a decisión do IGN ao non poder identificar os marcos 2 e 3 (línea recta de división) é arbitraria polo que mostran a súa desconformidade ca proposta e informe do ING

Vistos os antecedentes e informes emitidos dado que existen diverxencias entre a proposta do Concello de Poio e a do IGN de data 15 de novembro de 2016 en canto a maneira de apreciar o sitio por onde debe pasar a liña divisoria ou no lugar en que teñan que colocarse os marcos, propónse a Xunta de Goberno local adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Seguir mantendo a validez da acta de deslinde e amolloamento dos termos municipais de Pontevedra e Poio, asinada de conformidade entre ambos os dous concellos o 19 de novembro de 1889, porque así o recoñeceu expresamente a sentenza número 858/1993, de 8 de outubro, recaída no procedemento ordinario 122/1991 e ditada pola Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ordenou a anulación do Plan de Pontevedra, en base as seguintes consideracións:

.-Por ser este o deslinde máis antigo practicado e asinado de conformidade cos dous concellos.

.-Por todo o xa argumentado e recollido no acordo nº 3709 do Pleno de data 31 de xuño do 2012 de coñecemento do IGN

SEGUNDO.- Opoñerse ao informe proposta do Instituto Geográfico Nacional de data 15 de

novembro de 2016, relativo ao expediente de deslinde entre os términos municipais de

Pontevedra e Poio, formulando as seguintes alegacións no referente a todos os marcos e línea de deslinde que no coincidan ca proposta do Concello en especial no que se refire a **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4 do informe do IGN)** esto en base os informes emitidos nos que se argumenta:

-Que se ben é certo que non é posible ubicar e localizar os puntos 2 e 3, o propio instituto reconece no seu informe que as distancias e os rumbos descritos nas actas de 1889, presentan unha “*precisión dispar e rumbos aproximados*”, E que na acta non se describe unha liña recta entre os puntos 1 e 4 senón que hai un cambio de rumbo (Este – 160° cara Campañó, e Sur-Este) non unha liña recta.

-A liña recta divisoria proposta na **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4)** se contradice en si mesma, porque o IGN comenta no seu informe para o punto 7 que a intervisibilidade entre marcos consecutivos era unha premisa recollida no artigo 3º do Real Decreto de 30 de agosto de 1889 en base ao cal se levantaron as actas de deslinde, e por ese motivo se ubicaban os marcos nas zonas máis altas, polo que é probable atendendo a topografía do lugar, que o marco 2 se ubicase no entorno do Alto do Castrove onde actualmente se sitúan os repetidores de Taelpo, tal e como se defende na proposta do Concello de Poio.

- Que a liña límite que propón o IGN no referente os marcos 2, 3, 6, 7, 20, 21, 23 ten que fundamentarse nas actas do 19 de novembro ao 7 de decembro do 1889, dado que son as máis antigas, así o reconece o ING dado a razón ao Concello de Poio practicamente en toda a súa proposta. Non sendo admisible fundamentar as discrepancias importantes na **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4 do informe do IGN)** alegando: Que non se atoparon os marcos colocados, o que conleva a adoptar polo ING unha decisión inxusta, arbitraria e salomónica como é o trazado de liñas rectas, para deslindar os concellos, sobre todo cando na acta de deslinde de 1889 se recollen ángulos de variación, cambios de rumbos ou a costume de colocar os marcos en zonas altas, coutos ou elevacións para que sexan intervisibles, todo descrito no informe técnico do enxeñeiro Javier Cuenca. Concluindo que o lindeiro mais axustado é o que propón o Concello de Poio.


...".

Así mesmo, faise constar que o 22 de decembro de 2016, número de Rexistro de Entrada 6440 D. José Rodríguez Couselo, como presidente de representante da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común San Xoán de Poio, presenta escrito no Concello no que:

“[...] EXPÓN:

Que a CMVMC de San Juan de Poio, unha vez lida a Proposta de deslinde do Instituto Geográfico Nacional, lle gustaría facer constar dúas apreciacións:

1. Que, como sucede noutros montes comunais, tal e como se fai cos medios da época, normalmente os lindeiros entre Comunidades Veciñais en Man Común se levaban por marcas naturais, como pedras significativas, elevacións, cotos, regueiros, etc, polo cal, o lindeiro mais axustado a este parámetro, sería o que propón poio, que está marcado en negro na imaxe que se adxunta.



PARECE ARBITRARIO EN CERTOS TRAMOS.

Polo cal
SOLICITA:

Que quedando patente a nosa disconformidade co trazado proposto polo IGN, a CMVMC de San Xoan de Poio ratifícase na proposta defendida por Poio nas comisións de deslinde.[...].”

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número total de membros, e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 29 de xuño de 2015, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acorda:**

Primeiro: Opoñerse ao informe proposta do Instituto Geográfico Nacional de data 15 de novembro de 2016, relativo ao expediente de deslinde entre os términos municipais de Pontevedra e Poio, formulando as seguintes alegacións no referente a todos os marcos e linea de deslinde que no coincidan ca proposta do Concello en especial no que se refire a **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4 do informe do IGN)** esto en base os informes emitidos nos que se argumenta:

-Que se ben é certo que non é posible ubicar e localizar os puntos 2 e 3, o propio instituto recoñece no seu informe que as distancias e os rumbos descritos nas actas de 1889, presentan unha *“precisión dispar e rumbos aproximados”*, E que na acta non se describe unha liña recta entre os puntos 1 e 4 senón que hai un cambio de rumbo (Este – 160° cara Campañó, e Sur-Este) non unha liña recta.

-A liña recta divisoria proposta na **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4)** se contradice en si mesma, porque o IGN comenta no seu informe para o punto 7 que a intervisibilidade entre marcos consecutivos era unha premisa recollida no artigo 3° do Real Decreto de 30 de agosto de 1889 en base ao cal se levantaron as actas de deslinde, e por ese motivo se ubicaban os marcos nas zonas máis altas, polo que é probable atendendo a topografía do lugar, que o marco 2 se ubica no entorno do Alto do Castrove onde actualmente se sitúan os repetidores de Taelpo, tal e como se defende na proposta do Concello de Poio.

Este feito pódese apreciar con toda claridade nos puntos M2 e M3 (en cor negra), non así no trazado proposto polo IGN (de cor amarelo).

2. Que tal e como recoñece o propio IGN, non pode localizar os marcos 2 e 3, polo cal, ó noso entender o trazado é arbitrario.

Por todo elo, mediante este documento A CMVMC DE SAN JUAN DE POIO QUERE DEIXAR PATENTE A SÚA DISCONFORMIDADE CO TRAZADO DE DESLINDE PROPOSTO POLO IGN, XA QUE ENTENDE QUE NON REFLEXA A REALIDADE, E QUE MESMO

- Que a línea límite que propón o IGN no referente os marcos 2, 3, 6, 7, 20, 21, 23 ten que fundamentarse nas actas do 19 de novembro ao 7 de decembro do 1889, dado que son as máis antigas, así o recoñece o ING dado a razón ao Concello de Poio practicamente en toda a súa proposta. Non sendo admisible fundamentar as discrepancias importantes na **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4 do informe do IGN)** alegando: Que non se atoparon os marcos colocados, o que conleva a adoptar polo ING unha decisión inxusta, arbitraria e salomónica como é o trazado de líneas rectas, para deslindar os concellos, sobre todo cando na acta de deslinde de 1889 se recollen ángulos de variación, cambios de rumbos ou a costume de colocar os marcos en zonas altas, coutos ou elevacións para que sexan intervisibles, todo descrito no informe técnico do enxeñeiro Javier Cuenca. Concluindo que o lindeiro mais axustado é o que propón o Concello de Poio.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre para os efectos da súa ratificación previo pronunciamento da Comisión de Deslinde dos termos municipais de Poio e Pontevedra.

Tras a convocatoria urxente realizada o 26 de decembro de 2016, realízase no día de hoxe, 27 de decembro de 2016, sesión da Comisión de deslindamento dos termos municipais de Poio, Pontevedra, Meis e Barro levando a cabo un estudo da proposta do IGN e das alegacións formuladas pola Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de San Xoán de Poio. Así mesmo D^a Carmen Esperón Sartal ratifica a súa discrepancia respecto da ubicación dos puntos 19 a 24 da acta de 1889 achegando documentación que fundamenta a súa decisión que obra xa dilixenciada no expediente.

Tras a votación realizada, a Comisión de deslindamento dos termos municipais de Poio, Pontevedra, Meis e Barro co voto particular de D^a Carmen Esperón Sartal no sentido xa exposto, asume o contido das alegacións formuladas pola Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de San Xoán de Poio e pola Xunta de Goberno Local.

Non existindo intervención ningunha, o Pleno en votación ordinaria, polo voto favorable dos dezaseis membros presentes e por tanto por maioría absoluta do seu número legal (art. 47.2º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local), de conformidade co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e dentro do prazo de audiencia conferido pola dirección xeral de Administración Local, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de acordo co disposto no artigo 78 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Prestar aprobación ao acordo adoptado pola Comisión de deslindamento dos termos municipais de Poio, Pontevedra, Meis e Barro en sesión realizada o 27 de decembro de 2016 que asume as alegacións formuladas pola Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de San Xoán de Poio e o contido do acordo núm. 14616 da Xunta de Goberno Local de 26 de decembro de 2016 e por tanto **FORMULAR AS SEGUINTE ALEGACIÓNS** ao **INFORME** do **INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL** no referente a todos os marcos e liña de deslindamento que non coinciden coa proposta realizada polo concello de Poio, en especial no que se refire á Zona Alta do Deslindamento (dende o punto 1 ao punto 4 do informe do Instituto Geográfico Nacional) en base aos informes técnicos e xurídicos emitidos, e así:

-Que se ben é certo que non é posible ubicar e localizar os puntos 2 e 3, o propio

Instituto reconece no seu informe que as distancias e os rumbos descritos nas actas de 1889, presentan unha “*precisión dispar e rumbos aproximados*”, E que na acta non se describe unha liña recta entre os puntos 1 e 4 senón que hai un cambio de rumbo (Este – 160° cara Campañó, e Sur-Este) non unha liña recta.

-A liña recta divisoria proposta na **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4)** se contradice en si mesma, porque o IGN comenta no seu informe para o punto 7 que a intervisibilidade entre marcos consecutivos era unha premisa recollida no artigo 3º do Real Decreto de 30 de agosto de 1889 en base ao cal se levantaron as actas de deslinde, e por ese motivo se ubicaban os marcos nas zonas máis altas, polo que é probable atendendo a topografía do lugar, que o marco 2 se ubicase no entorno do Alto do Castrove onde actualmente se sitúan os repetidores de Taelpo, tal e como se defende na proposta do Concello de Poio.

.- Que a liña límite que propón o IGN no referente os marcos 2, 3, 6, 7, 20, 21, 23 ten que fundamentarse nas actas do 19 de novembro ao 7 de decembro do 1889, dado que son as máis antigas, así o reconece o ING dado a razón ao Concello de Poio practicamente en toda a súa proposta. Non sendo admisible fundamentar as discrepancias importantes na **Zona Alta do Deslinde (dende o punto 1 ao punto 4 do informe do IGN)** alegando: Que non se atoparon os marcos colocados, o que conleva a adoptar polo ING unha decisión inxusta, arbitraria e salomónica como é o trazado de liñas rectas, para deslindar os concellos, sobre todo cando na acta de deslinde de 1889 se recollen ángulos de variación, cambios de rumbos ou a costume de colocar os marcos en zonas altas, coutos ou elevacións para que sexan intervisibles, todo descrito no informe técnico do enxeñeiro Javier Cuenca. Concluindo que o lindeiro mais axustado é o que propón o Concello de Poio.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo xunto coas alegacións formuladas pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán de Poio e da documentación achegada ao expediente pola experta designada polo concello, Dª Carmen Esperón Sartal con data 27 de decembro de 2016, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dirección xeral de Administración Local, para os efectos da súa remisión ao Instituto Geográfico Nacional.

4325.- MOCIÓN BNG, MELLORA DA ASISTENCIA SANITARIA NOS CENTROS DE SAÚDE DE ANAFÁNS E DE COMBARRO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse conta da moción subscrita por D. Xulio Barreiro Lubián en calidade de voceiro do Grupo Municipal do BNG e que di textualmente: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cando en 1995 se puxo en funcionamento o Centro de saúde de Anafáns, xa daquela, parecía insuficiente para resolver os problemas de atención sanitaria que os veciños de Poio viñan demandando e os que tiñan dereito. Tres anos despois, froito desta necesidade, púxose en funcionamento o Centro de Saúde de Combarro.

Dende entón a poboación de Poio medrou en 4.000 habitantes e as actuais dotacións sanitarias volven as ser insuficientes. Dende hai 8 anos o BNG, dende o Goberno municipal, ven demandando unha solución á saturación que padece o Centro de Saúde de Anafáns. A posta en funcionamento dun PAC, con máis servizos, parecía a solución máis adecuada, sen embargo, a Consellería decidiuse por unha ampliación do centro de Anafáns, decisión que tardou en tomar 8

anos e que aínda carece de proxecto e polo tanto dos medios materiais e recursos humanos de que vai dispor.

A posta en funcionamento dun PAC ademais dos servizos de médico de familia, enfermería, pediatría e matrona que agora ten Anafáns, os veciños de Poio, terían servizo de fisioterapia, hixiene bucodental, odontoloxía e traballadora social. Evidentemente, a calidade dos servizos sanitarios dos veciños de Poio mellorarían moito. Máis estes servizos que demandamos non son unha utopía, son prestacións que están recibindo veciños de concellos do noso entorno e nalgúns caos con menos poboación: O Grove, Sanxenxo, Marín, Bueu etc. Xa disfrutan deles dende hai anos. Por qué o Sergas quere castigar aos veciños de Poio?

Esta situación de desidia política, de falla de infraestruturas adecuadas, de medios e de persoal sanitario para prestar unha atención sanitaria digna, deteriorase aínda máis coa supresión da praza dun médico en Anafáns.

A gravidade desta situación de deterioro dos servizos sanitarios en Poio vai máis alá pola incompetencia do Sergas que despraza, sen outro tipo de valoracións, para o Centro Médico de Combarro aos pacientes dun dos facultativos que recentemente se xubilou en Anafáns.

A falla de servizos sanitarios no Centro médico de Combarro, fai que o mesmo se atope actualmente infrautilizado, facendo que os veciños das parroquias de Raxó, Samieira, Combarro e San Xoán se teñan que desprazar a Anafáns ou mesmo a Pontevedra para poder recibilos.

A falla dun estudo adecuado da situación sanitaria en Poio, está causando graves trastornos ao nosos veciños pola carencia de servizos e a infrautilización das infraestruturas de que dispomos.

Por todo o exposto,

Propónse ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

MOCIÓN:

1.- Demandar do Sergas que non se reduzan os actuais medios materiais e humanos de que dispoñen os Centros de saúde existentes en Poio.

2.- Solicitar que o servizo de pediatría e matrona se preste tódolos días no Centro de Saúde de Combarro.

3.- Que na redacción do proxecto de ampliación do Centro de Saúde de Anafáns se contemple para que no mesmo se poidan prestar os servizos propios dun PAC.”.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián explicando o contido da moción que presentan na que se solicita a mellora da asistencia sanitaria nos Centros de Saude de Poio, xa que neles non se prestan os servizos que se deberían, poñendo como exemplo o Servizo de Matrona e Pediatría no Centro de Saúde de Combarro que non se presta todos os días e no Centro de Saúde de Anafáns o servizo está agora mermado por dúas xubilacións de médicos que o SERGAS non cubre e adoptando decisións como o traslado dos pacientes ao Centro de Combarro.

Incide en que Poio polo seu número de habitantes debería de contar cun PAC no que se prestasen todos os servizos para que a veciñanza non se tivera que desplazar ao Concello de Pontevedra. E que as solucións que dá o SERGAS non solucionan nada, xa que despois de oito anos, en plena campaña electoral asínase un convenio para a ampliación do Centro de Saúde de Anafáns pero sen dar ningún tipo de detalle polo que non sabemos o alcance da mellora do servizo.

A Sra. Besada Lores manifesta o apoio do Grupo Municipal Socialista á moción presentada xa que Poio ten a poboación suficiente para contar cun PAC e lonxe desta situación contamos cuns centros periféricos que non prestan os servizos necesarios a veciñanza. A

ampliación do Centro de Saude de Anafáns comprometida coa sinatura dun convenio cremos que é importante pero non é a solución xa que descoñecemos o alcance porque da información solicitada ao SERGAS o que contestan é que non está proxectado pero ademais a ubicación non é a máis idónea polos accesos.

A Sra. Díaz Iglesias manifesta que a petición obxecto da moción xa ten sido elevado á consideración do pleno en ocasións anteriores, non obstante está de acordo co texto da moción e que Poio en comparación con outros concellos ten unha situación diferente, agravada coa vacante da médico. Agora é o momento para solicitar un PAC polo tema da ampliación do Centro de Anafáns para dar un servizo adecuado á veciñanza mostando igualmente a disconformidade coa ubicación do mesmo porque non é a máis adecuada.

A Sra. Cochón Castro mostra igualmente a conformidade do Grupo Popular á moción presentada indicando que van votar a favor indicando, en relación ao primeiro punto da moción, que a situación está aclarada por parte de Sanidade. Por cuestións de loxística e en tanto non se realiza a ampración prevista no convenio o que fan é cubrir a vacante en Combarro e derivar aos usuarios/as para que á hora das obras non haxa problemas.

Tampouco pensamos que as obras do convenio asinado sexan un parche porque a pesar de que non están proxectadas as obras contan cun investimento de 600.000 € e tampouco dunha medida electoralista xa que non houbo publicidade da sinatura.

O Sr. Martínez Blanco indica que as explicacións facilitadas na supresión da praza do facultativo non son comprensibles, porque ao producirse dúas xubilacións soamente se reemplazou unha en Combarro e queda unha praza dun médico por repoñer, estamos pedindo que se mellore o servizo, pero como mínimo que se garantan os servizos como están agora polo que se debe emendar a moción solicitando que, dunha maneira inmediata, se proceda á reposición da praza do médico que non se cubriu.

O Sr. Barreiro Lubián reitera que a ampliación de Anafáns é solicitada desde fai tempo porque dun colexio fíxose un Centro de Saúde e en Combarro dunha cesión coa comunidade de Montes pero Poio necesita un PAC e asinar o Convenio non quere dicir que estemos de acordo, porque queremos que se cumpran os requisitos para ofrecer e garantir un servizo sanitario adecuado, e ese investimento de 600.000 € pode chegar ou non, xa se verá cando realicen o proxecto.

A Sra. Fernández González indica que no Centro de Benestar Social recíbense queixas en relación ás derivacións dos/as usuarios/as ao Centro de Saúde de Anafáns a Combarro porque se a ubicación de Anafáns non é a idónea os accesos a Combarro ás veces son imposibles para algúns veciños.

O Sr. Lodeiro Cancela indica que parece unha tomadura de pelo da Xunta de Galicia con Poio, porque existe un convenio asinado desde o 2007 para a cesión e asunción dos gastos do Centro de Saude de Anafáns, e nas eleccións asinou un convenio de ampliación do centro de Saude de Anafáns e o que fan é suprimir as prazas do persoal. Pedimos a ampliación do Centro coa conversión a PAC e ampliación de persoal e de producirse xubilacións hai que repoñer a praza.

Unha vez rematada a quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a moción presentada xunto coa emenda realizada polo Sr. Martínez Blanco a que queda

aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Demandar do Sergas que non se reduzan os actuais medios materiais e humanos de que dispoñen os Centros de saúde existentes en Poio e que se proceda á cobertura da praza de médico vacante de forma inmediata.

Segundo.- Solicitar que o servizo de pediatría e matrona se preste tódolos días no Centro de Saúde de Combarro.

Terceiro.- Que na redacción do proxecto de ampliación do Centro de Saúde de Anafáns se contemple para que no mesmo se poidan prestar os servizos propios dun PAC.

4326.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A CONMEMORACIÓN DO 25 ANIVERSARIO DA PLANTACIÓN DO BOSQUE DAS SEQUOIAS DE POIO, A DECLARACIÓN DE 2017 COMO “ANO DO BOSQUE DE COLÓN” E A PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓN PARA A SÚA POSTA EN VALOR.- A Sra. Cochón Castro presenta o texto da moción que se detalla no asunto arriba referenciado para ser tratado no pleno coa finalidade de aprobarse antes de 2017 para que a declaración do 2017 como “Ano do Bosque de Colón” se realice antes do seu comezo.

A continuación pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura íntegra e que di textualmente: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que en 1992 as dúas cámaras lexislativas dos Estados Unidos proclamasen conxuntamente o seu apoio á plantación de cincocentos exemplares de sequoias vermellas californianas “na costa noroccidental de España en conmemoración do quinxentésimo aniversario da viaxe de Cristovo Colón” como “agasallo ao pobo de España”, o bosque de Colón tense convertido nun tesouro paisaxístico e natural único en Europa.

Segue vixente o espírito fraternal co que os Estados Unidos quixeron celebrar a efeméride do encontro entre culturas coa prantación destes exemplares “para que durante os vindeiros 5 séculos, consonte as árbores medren de semente até o seu pleno e nobre esplendor (...) representen a esperanza dun futuro de crecente amizade entre os pobos de ambos hemisferios”, e este agasallo do pobo estadounidense é xa por dereito propio un sinal de identidade máis dos poienses cuxo vixésimo quinto aniversario debe celebrarse como amerita: coa celebración da xornada para que veciños e institucións coñezan e participen deste ben tan prezado.

Porén, e malia o lexítimo orgullo dos veciños de Poio por esta xoia natural, o Bosque de Colón segue a ser un “gran descoñecido” para a inmensa maioría de visitantes potenciais ao noso concello en Galicia, en España e no extranxeiro, e mesmo para moitos veciños da nosa contorna, polo que compre un plan de dinamización e difusión do patrimonio, sostido no tempo, que dea a coñecer esta xoia paisaxística, natural e histórica do noso Concello, que nos vencella coa nosa tradición mariñeira, coa nosa mirada global e co noso pasado coloniano.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Conmemorar, na xornada do 4 de decembro de 2017, o 25 aniversario da plantación das sequoias que conforman o “Bosque de Colón”.

2. Declarar 2017 “Ano do Bosque de Colón”.

3. Dotar de contido á declaración de “ano do Bosque de Colón” mediante un programa de posta en valor do Bosque, consistente en actividades culturais, deportivas, educativas destinadas á difusión deste tesouro do noso patrimonio que se definirá polo miúdo na Comisión

Municipal de Cultura.”.

O Sr. Alcalde manifesta que será un tema que haberá que estudar máis detidamente polo que solicita aos membros corporativos que o asunto se trate na sesión ordinaria da Comisión informativa correspondente.

De seguido prodúcense diversas intervencións por parte de D. Xulio Barreiro Lubián, D. Gregorio Agís e D^a Silvia Díaz sobre a non urxencia da petición efectuada,

Tras diversas intervencións por parte de D. Xulio Barreiro Lubián, D. Gregorio Agís e D^a Silvia Díaz sobre a non urxencia da petición efectuada, de conformidade do establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a urxencia a que queda denegada por 6 votos a favor, 10 votos en contra (6 BNG, 3 PSOE e 1 da Concelleira non adscrita) e ningunha abstención e que se dea traslado da moción ao Departamento correspondente para o seu tratamento na comisión informativa.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.